

NOVA ESCOLA GALEGA DIANTE DO PROXECTO DE DECRETO QUE REGULA O CURRÍCULO DE ESO E BACHARELATO, REXEITADO POLO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

Onte o pleno do Consello Escolar de Galicia rexeitou o Proxecto de Decreto que regula o currículo de ESO e Bacharelato, aprobando por 20 votos a favor e 17 en contra as emendas á totalidade formuladas polos sindicatos CIG, CCOO e UXT, CONFAPA-Galicia, a USC e a Coordinadora Galega de Movementsos de Renovación Pedagóxica, na que se integran a AS-PG e Nova Escola Galega.

Dada a relevancia da norma -que seguirá o seu trámite ao tratarse dun informe que é preceptivo pero non vinculante- facemos pública a nosa valoración crítica, sustentada na emenda á totalidade que asinamos e defendemos no pleno, e que se apoia nos seguintes argumentos:

Este proxecto preséntase de forma totalmente precipitada sen a necesaria consulta aos sectores profesionais concernidos polo Decreto -e non nos referimos á preceptiva exposición pública e á mesa sectorial- para que fixesen as súas achegas e tivesen oportunidade real de debater e, no seu caso, incorporar aqueles aspectos que lles parece que non se trataban axeitadamente no texto deste Decreto. Pero o máis importante é que a precipitación influirá de tal maneira nos calendarios que podemos afirmar que neste curso o alumnado verase privado de facer unha elección do seu futuro -dada a transcendencia que adquire a elección que se vai facer en 2º e 4º da ESO para iniciar 3º da ESO e 1º de Bacharelato, respectivamente- cunha información completa e uns itinerarios definitivos e contrastados.

Os centros están pendentes da saída do Decreto e das ordes que o desenvolven para a elaboración das súas ofertas, así como de saberen se as propostas de materias de libre configuración que propoñen van ser validadas ou non pola Administración. Con este panorama o alumnado deberá efectuar a súa matrícula.

Que razón política, económica, organizativa ou pedagóxica existe para someter o alumnado e ao conxunto do sistema a esta situación inxusta e que terá tanta relevancia para a vida de tantos rapaces? Tamén esta precipitación inxustificada é un desprezo ao traballo e planificación do profesorado e dos equipos directivos dos centros.

Por outro lado, o proxecto do goberno da Xunta de Galicia debería intentar mellorar ou paliar as medidas tan regresivas que se apuntan na LOMCE, lei orgánica que o sustenta. Para evitar o recurso fácil á “obediencia debida” que habitualmente se argumenta por parte do Goberno cando debe desenvolver a lei orgánica, apuntamos aspectos que se poderían e deberían abordar se se quixer mellorar realmente a LOMCE.

- Unha medida debería ser presentar iniciativas que fagan posible un achegamento a un ensino interdisciplinar. Precisamente no momento histórico en que empezan a reaparecer con forza iniciativas privadas e parciais de traballar por proxectos, refórzase un currículo máis compartimentalizado e con menor proximidade á realidade. Fixémonos que, por un lado, aparece a división da materia de CC. da Natureza dos tres primeiros cursos da anterior ESO, en Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía; e a Materia de CC. Sociais, Xeografía e Historia quédase en Xeografía e Historia; pero, por outro lado, aparece a posibilidade de estruturar as materias por ámbitos como medida de atención á diversidade.
- Neste Decreto non se presentan medidas que suavicen o efecto demoledor que as avaliacións en 4º da ESO e 2º de Bacharelato terán non xa para a autoestima do alumnado que teña algunha dificultade, senón para a propia traxectoria do alumnado que non supere as probas, pero si teña superados os cursos. Quedando na indefinición (art. 22.9) a oferta que se lles poderá facer mentres non obteñen o título para continuar os seus estudos, co paradoxo de que os centros que os aprobaron consideran que os teñen superados. Esta carencia ten que ser necesariamente cuberta pola Comunidade Autónoma e nin iso fai. Tampouco se sinalan vías de obtención de ningún dos dous títulos -porque na realidade haberá esta dobre titulación na ESO- para o alumnado con dificultades.
- Outra medida debería ser articular fórmulas curriculares que eviten que as Matemáticas se convertan nun elemento diferenciador dun “itinerario de calidade” que empezaría xa en 3º da ESO- coa súa correspondente e dificilmente reversible elección ao pasar 2º- e que remataría na Universidade. Esta situación empeora moito a actual, na que existen dúas opcións de Matemáticas en 4º da ESO que conducen a distintas alternativas no Bacharelato ou na Formación Profesional. Despréndese desta medida da LOMCE que as Matemáticas impartidas en 3º e 4º, para os que van estudar un bacharelato de “letras”, terán un currículo con máis “profundidade” que para os que van estudar un Ciclo Medio de Informática ou de Administración. O papel desta materia non será, pois, de proporcionar coñecementos, senón abertamente seleccionadora.
- As reválidas, ou “avaliación final de etapa”, marcan as materias obxecto de avaliación e non deben pechar a posibilidade de incluír outras, como as de libre configuración. A consideración destoutas materias, independentemente de que poidan facilitar a superación das probas, sería un elemento

que evitaría a consideración de subsidiariedade dalgunhas materias e avanzaría na formación integral das persoas, obxecto indiscutible de calquera sistema educativo.

- Neste Decreto non se presentan novas medidas que fagan posible unha maior atención á diversidade, dado o endurecemento que suporá este novo currículo, que xerarquizará non só os coñecementos senón tamén o alumnado. Teremos as mesmas medidas -algunhas delas con menos efectos académicos, como os novos programas de reforzo e apoio, que non rematan na titulación, como os PDC ou como a FPB, que ten a mesma eiva para un currículo máis amplo e academicista.
- Neste Decreto non se contempla a posibilidade de eximir o alumnado dalgunha das materias establecidas no currículo, cando poida supoñer un atranco para o seu desenvolvemento académico polas dificultades que tivera ata o momento, como pasaba coa exención da 2ª Lingua Estranxeira; como si se fai no art. 6.4 do Decreto actual.
- A combinación horaria da optatividade que aparece neste Decreto levará á necesidade dos centros a facer itinerarios moi pechados que, na práctica, impedirán realmente esta optatividade.
- A propia confección do currículo que se presenta foi caótica, ata o punto de que algúns currículos confeccionáronse sen saber exactamente o nº de horas e mesmo, en casos, o curso no que se impartirían, e así aparecen neste Decreto.
- O exhaustivo nivel de detalle do currículo obrigatorio expresa a desconfianza no competencia profesional do profesorado e evidencia a falacia do Decreto e da propia LOMCE de que se pretende propiciar a autonomía tanto do profesorado como dos centros.

Parécenos indignante que a Consellería, [a través do seu web institucional](#), acuse as organizacións e institucións contrarias ao Decreto de non faceren "achegas construtivas", furtando o debate, cando o habitual por parte desta administración educativa é non incorporar as achegas aprobadas no marco do Consello Escolar, chegando no seu día a negarse a debater a propia LOMCE, lei que, convén non esquecer, foi aprobada en solitario polo Partido Popular, sen o apoio de ningún outro grupo político.

22 de maio de 2015